

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO PAZO DE RAXOI
O DÍA 14 DE MAIO DE 2009,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se nomea secretario xeral de Medios a Alfonso Cabaleiro Durán
- Decreto polo que se nomea secretario xeral de Emigración a José Santiago Camba Bouzas
- Decreto polo que se aproban os estatutos do Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrónomos de Galicia
- Decreto polo que se designan vogais representantes da Xunta de Galicia no Consello Reitor da Escola Galega de Administración Pública

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Decreto polo que se dispón que cese José Colino Sueiras como director xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios da Consellería de Economía e Facenda
- Decreto polo que se dispón que cese Ángel Luis Tarrío Tobar como director do Instituto Galego de Estatística
- Decreto polo que se nomea director xeral de Planificación e Fondos a Francisco Javier Rodríguez Seijo
- Decreto polo que se nomea director xeral do Instituto Galego de Estatística a José Antonio Campo Andión

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se nomea secretario xeral de Política Lingüística a Anxo M. Lorenzo Suárez

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Decreto polo que se nomea director xeral de Promoción e Difusión da Cultura a Francisco López Rodríguez

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Decreto polo que se dispón que cese Manuel Vidal López como presidente do Padroado do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia
- Decreto polo que se nomea presidente do Padroado do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia a Fernando Garrido Valenzuela
- Decreto polo que se establecen as normas de recollida, transporte e tratamento dos produtos forestais provenientes das zonas afectadas polo fungo *Giberella Circinata Niremberg el O`Donnell* tamén coñecido como *Fusarium Circinatum Niremberg el O`Donnell*

ACORDOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se valida un gasto por importe de 265.486,04 euros, correspondente ás compensacións económicas das actuacións profesionais por asistencia xurídica gratuíta aos colexios de procuradores de Galicia
- Acordo polo que se valida un gasto por importe de 3.331.882,03 euros, correspondente ás compensacións económicas das actuacións profesionais por asistencia xurídica gratuíta aos colexios de avogados de Galicia

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Acordo de retrocesión á Tesourería Xeral da Seguridade Social dos espazos ocupados polo Servizo Galego de Saúde na Casa do Mar en San Cibrao, Concello de Cervo

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de cooperación entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061, para a colaboración na docencia teórico-práctica no programa oficial de posgrao de Enfermaría en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o Concello de Oleiros, para a realización das obras de consolidación estrutural e posta en valor do Castelo de Santa Cruz de Oleiros

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza o compromiso de gasto plurianual contemplado na orde pola que se establecen as bases e se regulamenta o procedemento para a concesión de axudas para a realización de proxectos de promoción sociocultural e divulgación nas comunidades pescadoras e o sector pesqueiro para o bienio 2009-2010

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a suspensión cautelar previa á aprobación inicial do Plan de ordenación do litoral de Galicia

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Informe sobre o Plan de actuación do Xacobeo 2010

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Informe da Consellería de Traballo e Benestar polo que se dá conta ao Consello da Xunta da renovación dos representantes da Xunta de Galicia nos órganos de goberno do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar
- Informe da Consellería de Traballo e Benestar polo que se dá conta ao Consello da Xunta da designación dos novos membros do Padroado da Fundación Galega para

Impulso da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia (FUNGA)

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre as actuacións en apoio do sector lácteo

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre proxecto e obra do edificio institucional da oficina do Ente Público Portos de Galicia

PRESIDENCIA DA XUNTA

SECRETARIO XERAL DE MEDIOS

Alfonso Cabaleiro Durán

Naceu en Chapela (Redondela), en 1957. Está casado e ten tres fillos. Licenciado en Ciencias da Información pola Universidade de Navarra. Foi director de Informativos e director xerente da Radio Galega, subdirector de Informativos da Televisión de Galicia e Director Territorial en Galicia de TVE e a cadea COPE.

Asemade, foi redactor de El Correo Gallego e delegado en Santiago do Faro de Vigo e El Ideal Gallego.

Foi o primeiro director xerente do Consorcio Audiovisual de Galicia e secretario xeral de Comunicación de febreiro de 2003 a agosto de 2005.

SECRETARIO XERAL DE EMIGRACIÓN

José Santiago Camba Bouzas

Naceu en Vilar de Barrio (Ourense). Licenciado en Medicina e Cirurxía pola Universidade de Santiago de Compostela, especialidade en Traumatoloxía e Cirurxía Ortopédica. Máster en Alta Dirección ESADE.

Médico laboral fixo servizo de Urgencias no hospital provincial, co número 1 da súa oposición (ano 1986), e médico funcionario servizo de Traumatoloxía e Cirurxía Ortopédica co número 1 da súa oposición (ano 1990).

Director xeral de Xuventude da Xunta de Galicia desde febreiro de 1990 a abril de 1995. Concelleiro de Vilar de Barrio de 1995 a 2001. Vicepresidente da Deputación de Ourense desde 1995 a 2001. Vogal do Consello de Administración de SOGARPO, da Comisión Galega de Medio Ambiente, da Comisión do Camiño e Cidade de Santiago de Compostela, da Comisión Galega do Menor, da Comisión Galega do Xogo, do Consello de Administración do SERGAS de 1995 a setembro de 2001, da Xunta Provincial de Empadramento, da Asociación Colexio Español de Sao Paulo e presidente do Consorcio dos Peares.

Membro do Consello Reitor da Escola Galega de Administración Pública desde 1995 a 2001, vicepresidente da Fegamp de 1995 a 1999, voceiro do PP de 1995 a setembro de 2001 nesta organización, e presidente da Comisión de Grandes Cidades e Entidades Supramunicipais. Vicepresidente do Padroado provincial de Turismo de

Ourense, encargado da Emigración e dos Servizos Sociais na Deputación provincial de Ourense, conselleiro de Traballo e Asuntos Sociais da Embaixada de España en Brasilia 2001-2004, e delegado da Fundación Galicia Saúde en Buenos Aires 2005-2006.

Está en posesión do Gran Cordón do Ouro da Gobernación de Caracas.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA OS ESTATUTOS DO COLEXIO OFICIAL DE ENXEÑEIROS AGRÓNOMOS DE GALICIA

- *Entre os fins do colexio están o ordenamento do exercicio da profesión, a representación exclusiva desta e a defensa dos intereses profesionais dos colexiados*

O Consello da Xunta aprobou hoxe, na súa xuntanza semanal, os estatutos do Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrónomos de Galicia, que ten como fins esenciais o ordenamento do exercicio da profesión, a representación exclusiva desta e a defensa dos intereses profesionais dos colexiados.

Para o cumprimento destes fins, o colexio exercerá unha serie de funcións entre as que están o rexistro das sociedades profesionais con domicilio social no ámbito territorial do Colexio -de acordo co disposto na Lei de sociedades profesionais-; a vixilancia da actividade profesional acorde coa ética e dignidade da profesión; o visado dos traballos profesionais; o exercicio da potestade disciplinaria en caso de incumprimento das prescricións legais e deontolóxicas; a persecución de actos de competencia desleal; o exercicio da representación e defensa da profesión ante as administracións públicas, os tribunais e demais poderes públicos, así como ante calquera institución, entidade e particular; e cooperar na mellora do ensino e investigación da profesión, entre outras.

Exercicio da profesión

O texto establece que o exercicio da profesión de enxeñeiro agrónomo require imprescindiblemente a colexiación de todos aqueles profesionais na materia que teñan a súa residencia ou domicilio profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. Ademais, os estatutos tamén recoñecen que o exercicio da profesión se pode facer conxuntamente con outros colexiados ou profesionais doutras disciplinas, baixo calquera das formas lícitas recoñecidas en dereito.

Visado de traballos profesionais

Os estatutos recollen o visado como un acto colexial que garante a identidade e competencia profesional de autor, a adecuación das normas de visado vixentes no colexio e a súa integridade documental. Así, todos os traballos realizados polos enxeñeiros agrónomos en exercicio libre da profesión, mesmo os efectuados por profesionais ao servizo de empresas, deberán ser visados no colexio que corresponda. Non estarán suxeitos ao dito visado os traballos que realicen como contido da súa relación de servizo os enxeñeiros agrónomos adscritos ás administracións públicas baixo réxime funcionarial ou laboral.

Colexiación

Segundo o texto, ten dereito a incorporarse como colexiado de número quen resida ou teña o seu domicilio profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, estea en posesión do título de enxeñeiro agrónomo expedido de acordo coa lexislación española -ou fose convalidado oficialmente con efectos profesionais en España- e non estea incluído en causas de suspensión ou inhabilitación.

Para a colexiación de enxeñeiros agrónomos que non teñan a nacionalidade española, haberá que aterse ao que determinen en cada caso as disposicións legais vixentes sobre o exercicio da actividade profesional no Estado español.

Dereitos e deberes

Os colexiados terán entre os seus dereitos o de exercer a profesión de enxeñeiro agrónomo; participar no uso e gozo dos bens do colexio e dos servizos e prestacións deste; tomar parte nas deliberacións e votacións previstas nos estatutos -en particular o dereito de sufraxio para a elección dos cargos e dos membros dos órganos de goberno-; formar parte dos órganos de goberno; acadar o amparo da Xunta de Goberno, cando consideren lesionados ou menoscabados os seus dereitos ou interese profesionais, colexiais ou da corporación; levar a cabo traballos profesionais que sexan solicitados ao colexio por entidades ou particulares e crear agrupacións representativas de interese específicos no seo do colexio.

Por outra banda, nos seus deberes inclúense exercer a profesión eticamente e consonte as normas deontolóxicas; cumprir as normas establecidas; satisfacer as cotas colexiais establecidas; denunciar ante o colexio a quen exerza a profesión sen posuír o título que para iso llo autoriza; cumprir o deber do segredo profesional e estar cubertos, mediante un seguro, dos riscos de responsabilidades en que poidan incorrer durante o exercicio da profesión.

Organización do colexio

Os órganos de goberno e representación do colexio son a Xunta Xeral e a Xunta de Goberno, que estarán formadas por colexiados de número. A primeira é o órgano superior de expresión da vontade do colexio; forman parte dela a totalidade dos colexiados non suspendidos no exercicio dos seus dereitos corporativos e os seus acordos obrigan a todos os colexiados.

Por outra banda, a Xunta de Goberno é o órgano encargado da execución dos acordos da Xunta Xeral e asume a dirección e administración do colexio, con suxeición ao establecido nos estatutos. A Xunta de Goberno estará integrada polo decano, o secretario, o interventor, un delegado por cada provincia e dous vogais.

A XUNTA DESIGNA CINCO NOVOS VOGAIS NO CONSELLO REITOR DA ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- *Serán os titulares da Secretaría Xeral da Consellería de Presidencia e das direccións xerais da Asesoría Xurídica Xeral, Xustiza, Administración Local e Avaliación e Reforma Administrativa*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o decreto polo que se nomean os cinco vogais representantes da Administración autonómica no Consello Reitor da Escola Galega de Administración Pública (EGAP). A entrada en vigor deste decreto será ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

O mandato dos vogais, a excepción dos que ocupen o posto por razón do seu cargo, terá unha duración de catro anos. Os vogais nomeados son María Cayetana Lado Castro-Rial, directora xeral da Asesoría Xurídica Xeral; Beatriz Cuiña Barja, secretaria xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; Juan José Martín Álvarez, director xeral de Xustiza; José Norberto Uzal Tresandí, director xeral de Administración Local; e Jaime Bouzada Romero, director xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.

CONSELLERÍA DE FACENDA

DIRECTOR XERAL DE PLANIFICACIÓN E FONDOS

Francisco Javier Rodríguez Seijo

Naceu en Sada (A Coruña) en 1954, é licenciado co premio fin de carreira aos mellores bolseiros en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade de Santiago de Compostela desde 1976. Nesta mesma universidade realizou cursos de doutoramento e obtivo o grao de licenciatura en 1986.

A súa experiencia profesional no sector financeiro distribuíuse entre o Grupo BBVA, dos anos 1977 ao 1987, e o Grupo Banco Pastor, desde 1990 a 2005. Entre os anos 1988 e 1990 foi director xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

Desde o ano 1983 é profesor titor do Centro Asociado da Coruña da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED), onde imparte Teoría Económica e Política Económica.

Tamén é profesor e colaborador do Máster de Xestión de Carteiras e Mercados Financeiros da Universidade da Coruña e durante os cursos 2007-2008 e 2008-2009 profesor de Economía Aplicada na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago. Ten distintas publicacións e impartiu conferencias e seminarios relacionados cos temas financeiros e de planificación económica.

DIRECTOR XERAL DO INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA

José Antonio Campo Andión

Naceu en Castro de Rei (Lugo). Licenciado en Matemáticas pola Universidade de Santiago de Compostela. Estatístico facultativo do Instituto Nacional de Estatística (INE).

Delegado do INE en Ourense entre 1987 e 1990 e en Asturias durante o ano 1991. Foi director do Instituto Galego de Estatística (IGE) entre os anos 1991 e 2005.

Profesor asociado de Estatística na Universidade da Coruña. Asesor do Partido Popular.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

SECRETARIO XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

Anxo M. Lorenzo Suárez

Nacido en Vigo en 1964, é licenciado en Filoloxía Hispánica e doutro en Filoloxía pola Universidade Autónoma de Barcelona. É profesor do departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo desde 1992, onde é profesor titular de universidade deste 2000.

No ámbito da política lingüística, foi durante cinco anos (2001-2006) director do servizo lingüístico da Universidade de Vigo, e participou na elaboración do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega como secretario da comisión número 2 (ensino, mocidade, familia e formación de adultos).

Impartiu conferencias e seminarios en universidades de Arxentina, Brasil, Canadá, Estados Unidos, Gran Bretaña, e Alemaña.

As súas liñas de investigación son a sociolingüística da lingua galega, a planificación e política lingüística e o contacto lingüístico galego- castelán, aspectos sobre os que ten diversas publicacións, entre as que se atopan as seguintes: *Planificación lingüística de baixa intensidade: o caso galego*, da revista *Cadernos de Lingua*, 27, 2005; *A sociedade galega e o idioma. A evolución sociolingüística de Galicia (1992-2003)*, Santiago de Compostela, Sección de Lingua do Consello de Cultura Galega, 2005 (coautor); *A planificación lingüística nos centros educativos*, Santiago de Compostela, Secretaría Xeral de Política Lingüística, 2007, (coautor); *A situación sociolingüística do galego: unha lectura*, revista *Grial*, 179; *Lingua, sociedade e medios de comunicación en Galicia*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2009 (coautor); e *New approaches to discourse and business communication*, Londres, Palgrave, (coeditor).

Membro do consello asesor da *Revista Galega de Filoloxía* da Universidade da Coruña; cofundador e coeditor da revista *Estudios de Sociolingüística* da Universidade de Vigo (2000-2003); coordinador da Sección de Lingua e Sociedade e membro do Consello Consultivo da Fundación Carlos Casares (desde 2003); membro da Comisión Técnica do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia (1998-2003); membro da Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega (2004-2007); director do departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo (desde 2006); director do Observatorio de Sociolingüística da Universidade de Vigo; e coordinador da exposición *As nosas palabras, os nosos mundos*, elaborada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, 2008-2009.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

DIRECTOR XERAL DE PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA CULTURA

Francisco López Rodríguez

Naceu en Ponte Barxas (Ourense) o 24 de abril de 1952. É licenciado en Filosofía e Letras pola Universidade Complutense de Madrid.

Crítico Literario na prensa nacional e revistas literarias desde o ano 1983. Redactor xefe da revista *Argumentos* (1984-85). Profesor de Lingua e Literatura no colexio Logos, As Rozas (Madrid) (1987-89) Membro do Consello Reitor da Universidade Antonio Nebrija (1989). Redactor xefe do canle de televisión *Yurital News*, Madrid (1989-91). Director do Xornal Diario, Pontevedra (1991-92). Editor do informativo *Bos Días* da TVG, Santiago (2000-2003). Redactor xefe de informativos da TVG, Santiago (2003-2005)

Impartiu cursos como profesor convidado en distintas universidades:

- Universidade Internacional Menéndez Pelayo
- Universidade Complutense de Madrid
- Universidade da Coruña

Publicou máis dunha ducia de libros entre os que se están: *En torno a Antonio Machado*, Gijón, 1.988; *Antología de la Poesía Gallega*, Madrid, 1.991; *Eugenio Granell. O surrealismo felizmente vivo*", Vigo, 1.999; *O ladrón de paxaros*, A Coruña, 2.006

Obtivo diferentes premios literarios e colabora en numerosas revistas e xornais.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

PRESIDENTE DO PADROADO DO PARQUE NACIONAL MARÍTIMO-TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA

Fernando Garrido Valenzuela

Naceu en 1949 e é enxeñeiro agrónomo pola Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Agrónomos da Universidade Politécnica de Madrid.

Traballou en diversas empresas privadas: foi director da granxa La Moa (Pontevedra) foi director técnico de Explotacións Pecuarias de Porriño e foi director da Fábrica de Pensos de Explotacións Pecuarias S.A., de Himahe, S.A. e de NUASA. Así mesmo, foi director-xerente de *POPESA*, fábrica de pensos; de *POPECOSA*, matadoiro de porcino, fábrica de embutidos e almacén de comercialización de ovos; director do matadoiro de Pozuelo GIPISA; adxunto á Dirección Xeral de IFASA; e director da Finca La Garea.

Desde o ano 1996 é director corporativo de *IDOM Ingeniería, Arquitectura y Consultoría*.

A súa actividade pública desenvolveuse como responsable de Agricultura, Pesca e Alimentación da Xunta; como concelleiro en Silleda e Pontevedra; deputado ao Congreso por Pontevedra; vicepresidente da Comisión de Agricultura do Congreso dos Deputados; secretario da Comisión de Asuntos Exteriores do Congreso; vicepresidente da Comisión Mixta de Transferencias de Galicia; deputado por Lugo no Parlamento de Galicia; presidente da Comisión de Ordenación do Territorio do Parlamento de Galicia; tenente alcalde de Desenvolvemento Rural en Pontevedra e deputado na Deputación Provincial.

A XUNTA APROBA O DECRETO QUE REGULA A RECOLLIDA, TRANSPORTE E TRATAMENTO DOS PRODUTOS FORESTAIS PROCEDENTES DAS ZONAS AFECTADAS POLO CHANCRO DO PIÑEIRO

- *Créase un Rexistro Oficial de Empresas Receptoras e a Comisión de Sanidade Forestal, que coordinará, avaliará e seguirá as actuacións que sexan necesarias para lograr a erradicación e control da enfermidade que afecta as coníferas*
- *O decreto prevé un sistema de información informático, coordinado con outras comunidades, para que as administracións teñan coñecemento do transporte a través do seu territorio, así como da orixe e destino dos produtos forestais que proveñen das zonas afectadas*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se establecen as normas de recollida, transporte e tratamento dos produtos forestais que proveñen das zonas afectadas polo fungo *Girebella Circinata Niremberg et O'Donnell*, máis coñecido como o chancro do piñeiro, unha enfermidade que afecta as coníferas e que produce nas árbores a aparición de resinas abundantes.

O decreto establece os requisitos para a recollida e o traslado dos produtos de primeira transformación e vexetais, sospeitosos de atoparse contaminados, desde a zona afectada polo fungo ou desde a zona demarcada (foco afectado e zona de seguridade cunha largura non inferior a un quilómetro), ata outras zonas, así como o tratamento desta madeira.

O procesamento destes produtos deberase realizar, preferentemente, no interior da zona demarcada. Cando isto non sexa posible, farase na zona xeográfica máis próxima. A saída da madeira e dos produtos de primeira transformación só poderá realizarse unha vez que sexa descortizada completamente e sometida a un tratamento térmico axeitado de forma que a temperatura central da madeira acade un mínimo de 56° C durante 30 minutos para garantir a destrución do patóxeno no material.

Para facilitar o control, os produtos forestais provenientes das zonas demarcadas deberán ir acompañados dunha guía de transporte na cal figure como mínimo a información relativa ao propietario, número de autorización de corta, zona de orixe, datos da empresa que realiza os traballos, empresa de transporte e empresa receptora autorizada.

Creación do rexistro de empresas receptoras

O decreto aprobado hoxe no Consello da Xunta tamén crea o Rexistro Oficial de Empresas Receptoras de produtos forestais que proveñan das zonas demarcadas pola Comunidade Autónoma, co obxectivo de que estean inscritas todas aquelas empresas receptoras de produtos forestais provenientes das zonas demarcadas, con domicilio

en Galicia e que sexan autorizadas para tal fin. Este rexistro, de carácter público, estará adscrito á Consellería do Medio Rural.

Todas aquelas empresas que pretendan obter a autorización de receptoras deberán dirixir a súa solicitude ao departamento autonómico, xuntando o xustificante do ingreso da correspondente taxa.

Tal e como se establece no decreto aprobado hoxe, as empresas receptoras estarán obrigadas a gardar copia de todas as guías de transporte que cheguen provenientes de zonas demarcadas; a ter unha zona específica de descarga nos parques de madeira; a levar un libro de rexistro do traspaso da madeira da zona de descarga á entrada en serra; e a prestar toda a súa colaboración ao persoal designado pola dirección xeral competente en materia de sanidade vexetal para permitir a realización das inspeccións oficiais e controis de seguimento no procesamento dos produtos.

Así mesmo, deberán dar prioridade no procesamento aos produtos forestais que proveñan das zonas demarcadas. Tamén deberán gardar os documentos xustificativos que permitan comprobar que dispoñen das instalacións axeitadas para someter a madeira ao tratamento térmico; levar un rexistro de entrada cos tempos en que a madeira permanece nos secadoiros e a que temperatura están sometidas; identificar cada lote de madeira secada e tamén os produtos finais; incinerar a cortiza orixinada no procesamento dos produtos forestais; dispoñer dunha zona de limpeza e desinfección de camións; e acompañar a saída da madeira dun pasaporte fitosanitario expedido polos órganos competentes da consellería.

Sistema informático de información

Tamén se establecerá un sistema informático de información, coordinado con outras comunidades autónomas, co obxectivo de que as administracións teñan coñecemento, coa máxima antelación posible para que efectúen as inspeccións oportunas, do transporte a través do seu territorio, así como da orixe e destino dos produtos forestais que proveñen das zonas demarcadas.

Comisión de Sanidade Forestal

Co fin de coordinar as actuacións dirixidas á erradicación e control do cancro do piñeiro, créase a Comisión de Sanidade Forestal que estará constituída polas persoas titulares das direccións xerais que teñen atribuídas competencias en materia de sanidade vexetal e en materia forestal, así como por unha persoa funcionaria pertencente a cada unha destas direccións xerais. A comisión exercerá as funcións de coordinación, avaliación e seguimento das actuacións, xunto con aquelas que sexan precisas para a óptima realización do programa nacional de erradicación e control do fungo. A constitución e posta en funcionamento desta comisión non xerará aumento das dotacións orzamentarias da Consellería do Medio Rural a que se adscribe.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA OS PAGAMENTOS AOS AVOGADOS E PROCURADORES DA QUENDA DE OFICIO

- *O Goberno galego destina máis de 3,5 millóns de euros a facer fronte aos pagamentos que deixou pendentes o bipartito, correspondentes ao último cuadrimestre de 2008*

O Consello da Xunta deu luz verde ao pagamento dos cartos que se deben aos avogados e procuradores da quenda de oficio, correspondente ao último cuadrimestre do pasado ano 2008, cuestión que deixara pendente o Goberno bipartito. Con base nas actuacións profesionais realizadas e certificadas polos colexios de avogados e de procuradores, a Xunta afrontará un pagamento de 3,5 millóns de euros, aos cales se suman outros 37.000 euros para actuacións correspondentes a anos anteriores.

Os sete colexios de avogados percibirán 3.331.882 euros, dos cales 1.009.572 son para o da Coruña; 526.915 para Lugo; 396.004 para Ourense; 707.249 para Pontevedra; 139.694 para Santiago; 122.000 para Ferrol e 430.444 para Vigo. Pola súa banda, os colexios de procuradores recibirán 228.290 euros, distribuídos do seguinte xeito: 66.663 para o da Coruña; 6.800 para Ferrol; 35.306 para Ourense; 46.275 para Pontevedra; 31.586 para Santiago e 41.676 para Vigo.

A Dirección Xeral de Xustiza acelerou os trámites necesarios para o pagamento, que presentaba atrasos debido á paralización do expediente administrativo como consecuencia da inactividade do anterior Executivo. Deste xeito, o Goberno galego transferiralle as cantidades preceptivas a cada colexio de avogados e procuradores de Galicia, e serán estas corporacións as que lle pagarán directamente a cada profesional afectado.

A Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ten a competencia nas funcións e servizos en materia de provisión de medios materiais e económicos necesarios para o funcionamento da Administración de xustiza, nas cales se inclúe a compensación das actuacións correspondentes á defensa por avogado e á representación por procurador na quenda de oficio ante os órganos xudiciais con sede en Galicia, e a asistencia letrada ao detido cando o lugar de custodia estea situado no territorio galego.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA A RETROCESIÓN Á TESOURARÍA XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL DOS ESPAZOS OCUPADOS POLO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE NA CASA DO MAR DE SAN CIBRAO

- *A desocupación do edificio débese á posta en funcionamento do novo centro de saúde de San Cibrao*

O Consello da xunta aprobou na súa reunión desta mañá a través da Secretaría Xeral e do Patrimonio -dependente da Consellería de Facenda- a retrocesión á Tesouraría Xeral da Seguridade Social dos espazos que ata o momento estaba ocupando o Servizo Galego de Saúde na Casa do Mar da localidade de San Cibrao, no concello de Cervo. A Casa do Mar de San Cibrao é un inmovible transferido á Comunidade Autónoma de Galicia e adscrito ao Servizo Galego de Saúde, de titularidade da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Con motivo da posta en funcionamento do novo centro de saúde de San Cibrao construído polo Servizo Galego de Saúde, este xa non seguirá empregando a planta baixa de 185 m² da Casa do Mar, tal e como viña facendo para a prestación de asistencia sanitaria nin para ningún outro servizo dependente da Xerencia de Atención Primaria de Lugo.

Á vista disto, e despois de ter recibido na Secretaría e Xeral e do Patrimonio o oportuno escrito do Servizo Galego de Saúde no que se dá conta da desocupación dos espazos que tiña adscritos na Casa do Mar antes mencionada, a Secretaría – dependente da Consellería de Facenda- procederá á realización dos trámites que sexan necesarios para que a retrocesión teña efectividade.

ALUMNOS DA ESPECIALIDADE CLÍNICA DO POSGRAO DE ENFERMARÍA EN ATENCIÓN SANITARIA FARÁN PRÁCTICAS NO 061 DE GALICIA

- *No marco dun convenio de cooperación entre Urgencias Sanitarias de Galicia-061 e a Universidade de Compostela*

Urxencias Sanitarias de Galicia 061 é un organismo dependente da Consellería de Sanidade que ten por obxecto a realización de actividades de xestión, coordinación, docencia e investigación, prioritariamente en materia de atención extrahospitalaria no caso de emerxencia e urgencia sanitaria, así como no campo dos coidados críticos e na atención sociosanitaria, promovendo a eficacia, eficiencia e seguridade do sistema sanitario.

En consecuencia, unha das finalidades do antedito organismo é a colaboración coas administracións, corporacións, entidades ou particulares dos cales sexa a súa competencia ou actividade, e teñan incidencia ou sexan de interese para a consecución dos seus obxectivos.

Para tal efecto, o Consello da Xunta reunido no día de hoxe aprobou un proxecto de acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de cooperación entre Urgencias Sanitarias de Galicia-061 e a Universidade de Santiago, para a formación teórico-práctico do alumnado do programa oficial de posgrao de Enfermaría en atención sanitaria, xestión e coidados.

Este programa de posgrao tenta paliar a necesidade xeral que ten a sociedade galega de artellar instrumentos de atención naquelas situacións con maior repercusión sociosanitaria pola demanda de coidados nas diferentes etapas do ciclo vital, e trata de ofrecer ao alumnado unha visión interdisciplinar mediante o coñecemento da teoría e das liñas de investigación contemporáneas e, sobre todo, mediante a actividade formativa práctica, que lle permitan, unha vez rematado o seu período de estudos, dispoñer dunha perspectiva que lle facilite a súa incorporación ao mundo laboral.

CULTURA E O CONCELLO DE OLEIROS COLABORARÁN NA REALIZACIÓN DAS OBRAS DE CONSOLIDACIÓN ESTRUTURAL E POSTA EN VALOR DO CASTELO DE SANTA CRUZ

- *O orzamento das obras ascenderá a 433.060 euros*

A Consellería de Cultura e Turismo, dentro das súas liñas de actuación en materia de protección e conservación do patrimonio cultural, ten previsto acometer as obras de consolidación estrutural e posta en valor do Castelo de Santa Cruz de Oleiros.

O pasado 24 de xullo de 2008 foi asinado un convenio entre a Consellería de Cultura e Deporte e o Concello de Oleiros. Os investimentos previstos no dito convenio corresponden ás anualidades 2008-2009.

Estas obras non foron licitadas no seu momento, polo que procede levar a cabo un axuste das actuacións así como incluír o custo da dirección facultativa das obras.

O importe global da actuación ascenderá, deste xeito, a 433.060,36 euros, que serán achegados ao longo deste ano 2009 (124.408 euros) e do vindeiro (308.652,36 euros).

O CONSELLO APROBA UNHA PARTIDA DE 818.000 EUROS PARA PROXECTOS DE FORMACION SOCIOCULTURAL NAS COMUNIDADES PESQUEIRAS

- *Os proxectos basearanse na formación, o ambiente, o patrimonio marítimo e as iniciativas culturais vinculadas ao mar*
- *Confrarías, produtores pesqueiros, acuicultores e mariscadores serán os destinatarios destas axudas*

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha partida de 818.000 euros, para a realización de proxectos de promoción sociocultural e divulgación, destinados ás confrarías, asociacións de produtores pesqueiros, acuicultores, mariscadores e ás centrais sindicais.

A orde establece un orzamento de 383.000 euros para este exercicio e unha contía de 435.000 en 2010. Esta liña de axudas para a promoción sociocultural e a divulgación nas comunidades mariñeiras irá destinada á formación, o ambiente, o patrimonio marítimo e a difusión cultural.

As actividades formativas estarán relacionadas coas aplicacións das novas tecnoloxías á pesca e á navegación, coas técnicas de xestión e habilidades sociais e á diversificación económica en zonas dependentes da pesca. Respecto ao ambiente, os proxectos terán como finalidade a formación en materia ambiental sobre o mar e a pesca e a divulgación dos valores e o uso sustentable das áreas litorais sobre a pesca responsable; a protección e conservación dos espazos litorais e marítimos e o fomento de enerxías limpas, e materiais reciclables e reutilizables nas actividades pesqueiras e portuarias.

Os proxectos relacionados co patrimonio marítimo terán como finalidade a conservación, restauración ou recuperación de elementos do patrimonio marítimo en xeral e da pesca en particular, tanto mobiliario como inmobiliario, así como a súa posta en uso. As iniciativas culturais vinculadas ao mar terán como obxectivo conservar, recuperar, afianzar e divulgar a cultura marítima e pesqueira en calquera das súas manifestacións e creacións.

A XUNTA PRORROGA A SUSPENSIÓN DOS DESENVOLVEMENTOS URBANÍSTICOS NOS 500 METROS DE COSTA E COMPROMÉTESE A TER REDACTADO A FINAL DE ANO O PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL

- *O Consello da Xunta foi informado esta mañá do contido da orde pola que se acorda a suspensión cautelar previa á aprobación inicial do Plan de ordenación do litoral de Galicia*
- *Coa ampliación desta lei o departamento dirixido por Agustín Hernández pretende instaurar un modelo de crecemento urbano equilibrado e sustentable e evitar unha radical transformación do territorio e a paisaxe litoral*

O Consello da Xunta celebrado hoxe foi informado do contido da orde pola que se prorroga a suspensión de novos desenvolvementos urbanísticos nos 500 metros de costa do territorio galego. Trátase dunha medida cautelar, ata a aprobación do Plan de ordenación do litoral de Galicia. A paralización vixente fundaméntase na Lei 6/2007 de 11 de maio de ordenación do litoral de Galicia, que establece un prazo de suspensión que remata o vindeiro 17 de maio de 2009.

Trátase en definitiva de suspender a tramitación e aprobación dos plans especiais de reforma interior, plans parciais, plans de sectorización e instrumentos de equidistribución que teñan por obxecto a transformación urbanística de terreos situados na franxa dos 500 metros.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas comprométese a ter redactado o Plan de ordenación do litoral neste ano 2009.

Cabe salientar que a tramitación do Plan de ordenación do litoral debe axustarse á Lei de ordenación do territorio, que fixa a publicación do acordo de inicio no *Diario Oficial de Galicia*, e a comunicación a concellos e deputacións. Dase a circunstancia de que o anterior Executivo non realizou estes trámites, polo que a actual Xunta tivo que facelo hoxe mesmo pola vía de urxencia, para poder levar a cabo posteriormente a prórroga da suspensión cautelar.

Alcance da suspensión

A definición do modelo de ocupación do territorio corresponde aos instrumentos de ordenación do territorio e ao planeamento pero, a pesar disto, a gran maioría dos plans de ordenación actualmente en vigor nos municipios litorais non se adaptaron á normativa urbanística e ambiental vixente, nin resultan compatibles coas mínimas esixencias de sustentabilidade económica, social e ambiental. A falta de adaptación do planeamento á lexislación vixente resulta especialmente grave na zona costeira dado o valor do litoral como recurso natural e ambiental non renovable.

Asemade, o crecemento urbano segue a ser necesario, pero debe responder a un modelo de desenvolvemento equilibrado e sostible. Nese senso, un dos obxectivos é instaurar un modelo de crecemento urbano equilibrado e sostible e evitar unha radical transformación do territorio e a paisaxe litoral, sinal de identidade de Galicia.

A degradación do litoral ten como principal actor o urbanismo sen límites, o cal ocasiona un grave problema de perda de valor do territorio fortemente apreciado pola poboación que é ao mesmo tempo un recurso patrimonial, económico, ambiental e funcional. Ademais, este modelo de crecemento orixina unha serie de impactos e efectos perturbadores que afectan directamente ao sistema litoral no seu conxunto. Tamén crea unha serie de disfuncións que poñen en perigo o propio funcionamento do sistema costeiro, a impermeabilización dos solos, a fragmentación hábitats, a perda de biodiversidade, a presión sobre a calidade e cantidade dos recursos hídricos, a contaminación e a produción de residuos.

A situación do litoral

O pasado 24 de maio de 2007 o Consello da Xunta acordou a iniciación da elaboración do Plan de ordenación do litoral de Galicia, para dar cumprimento ás previsións da Lei 6/2007, na que se establecían medidas urxentes en materia de ordenación do territorial e do litoral. A partir de aí, realizáronse unha serie de estudos e análises, así como unha primeira identificación das súas presións e ameazas. Estes traballos, que aínda se encontran en fase de desenvolvemento, non constitúen aínda un documento do Plan de ordenación do litoral.

Sen embargo é importante destacar que dentro destes estudos preparatorios para a elaboración do Plan de ordenación se analizaron máis de 1000 ámbitos de solo clasificado como urbano non consolidado, urbanizable delimitado e urbanizable non delimitado ou rústico apto para urbanizar. Os estudos realizados puxeron de manifesto que 106 destes solos encontráronse en contacto directo coa ribeira do mar, 180 sobre ou en contacto coa zona de servidume de protección, 324 entre a servidume de protección de 200 metros, e 287 na franxa entre os 200 e 500 metros, o resto (345) atópanse en zonas máis alá dos 500 metros.

Á vista destes datos, a intensificación dos usos do litoral e, especialmente, a urbanización é moi significativa. Asemade, tamén queda patente o feito de que as dinámicas de asentamento e as tipoloxías dos modos de crecemento, así como os desenvolvementos urbanísticos nas últimas décadas nos municipios obxecto do Plan de ordenación están supoñendo unha forte transformación do modelo tradicional de asentamento da poboación en Galicia. A tendencia demostra un constante crecemento urbano renunciando á rexeneración dos tecidos urbanos consolidados e orixinando fortes transformacións morfotipolóxicas.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O INFORME PRELIMINAR DO XACOBEO 2010

- *O documento recolle iniciativas no tocante á exencións fiscais e patrimoniais, á promoción, á programación cultural ou ao acondicionamento da rede de infraestruturas das rutas xacobeas*
- *Espiritualidade, innovación, sustentabilidade e desestacionalización serán os piares básicos do Ano Santo*
- *Recóllense propostas innovadoras que distinguirán o Xacobeo 2010 como un proxecto sustentable e respectuoso co ambiente e que promoverá a recuperación, conservación e difusión do enorme valor patrimonial do Camiño*
- *Incluirá unha rede social 'on line' do peregrino e a realización dun congreso internacional sobre peregrinacións en diferentes partes do mundo*
- *O Ano Xacobeo será un referente mundial e contará coa supervisión directa do presidente da Xunta.*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá o informe preliminar sobre o Xacobeo 2010. No documento recóllense as principais liñas de acción cara á organización e xestión do vindeiro Ano Santo compostelán. Detállanse os ámbitos de actuación, as liñas de acción máis inmediatas en relación coa exencións fiscais e patrimoniais, a promoción, a programación e o acondicionamento das rutas e das infraestruturas do camiño, así como a sensibilización da poboación e a colaboración con outras entidades. No informe abórdanse propostas innovadoras cara ao Xacobeo 2010. Preséntase tamén un cronograma cos compromisos específicos, datas e lugares.

Segundo se explica no documento, para a Xunta de Galicia o Xacobeo 2010 debe ser un proxecto unitario do Goberno galego e contará coa supervisión directa do presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijoo. O Ano Santo será un auténtico impulso para a economía galega cun gran impacto nos sectores turístico e cultural e de creación de emprego. A intención do Goberno neste eido é a de promover a recuperación, conservación e difusión do enorme valor patrimonial do Camiño e o apoio á creación dun novo patrimonio contemporáneo con capacidade de transcender e integrarse nas canles culturais internacionais actuais. Así mesmo, o informe ten en conta os criterios de sustentabilidade e respecto polo ambiente.

Exencións fiscais e patrimoniais

As accións relativas a exencións fiscais e patrimoniais abranguen medidas como a tramitación urxente das exencións fiscais co Goberno central de cara á xestión dos patrocinios necesarios para o financiamento.

Todas as consellerías da Xunta de Galicia colaborarán en conxunto para acadar o éxito do proxecto.

Promoción

No relacionado coa promoción, o informe preliminar recolle a necesidade de desenvolver unha estratexia de promoción selectiva e diferenciada, tanto no ámbito local, nacional como internacional que teña en conta os diferentes mercados. Así mesmo, recóllense medidas relacionadas coa identidade gráfica do Xacobeo. O programa de promoción será presentado ao Consello a segunda semana de xuño e executado no segundo semestre do ano.

O informe recolle o uso intelixente das novas tecnoloxías, as redes sociais e a participación en eventos promocionais como as feiras de turismo. Do mesmo xeito, terase en conta a eficacia publicitaria do patrocinio e as colaboracións con editoriais internacionais de cara a que as publicacións xeradas polo Xacobeo acaden unha distribución global.

Outras liñas promocionais que se recollen no documento son a consecución de certificados internacionais relacionados coa excelencia turística. Coidaranse especialmente os visitantes e peregrinos que se acheguen a Compostela o vindeiro ano. Intégranse tamén estratexias específicas: Xacobeo infantil, Xacobeo para maiores, Xacobeo accesible e promoción do Xacobeo nos nosos emigrantes.

Obxectivos

O Ano Xubilar ofrecerá unha programación cultural deslocalizada. A consolidación do patrimonio contemporáneo sobre e para o Camiño e a realización de eventos únicos en espazos representativos do patrimonio arquitectónico de Galicia. Nesta mesma liña tamén se especifica a colaboración con outras entidades de cara á organización dos diferentes eventos que compoñerán o programa xeral.

No tocante ao acondicionamento de rutas e infraestruturas o informe valora a necesidade de realizar unha auditoría sobre a situación actual das rutas xacobeas e a implantación dun plan corrector destas, así como a posta en marcha de programas de voluntariado en diferentes áreas de actuación.

O apoio ao sector hoteleiro e a sensibilización da cidadanía forman parte dos obxectivos. Faise fincapé, no informe, na importancia da espiritualidade do evento. O Xacobeo 2010 impulsará a afluencia de visitantes nas épocas de menor afluencia co fin de que o Ano Santo se viva día a día con propostas innovadoras para realizar ao longo do ano. Será un evento que situará Galicia como unha referencia no ámbito mundial.

O programa definitivo será presentado en outubro de 2009.

APROBADA A RENOVACIÓN DO PADROADO DA FUNGA E A NOVA REPRESENTACIÓN DA XUNTA NO CONSORCIO DE BENESTAR

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe dous informes polos cales se dá conta dos novos representantes nestes organismo*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o informe polo que se deu conta da designación dos novos membros do padroado da Fundación Galega de Atención ás Persoas en Situación de Dependencia (FUNGA). Esta modificación do padroado, órgano de goberno da fundación, vén dada polo cambio de Goberno na Xunta de Galicia.

O padroado quedará, pois, constituído pola conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato Otero, a secretaria xeral de Familia e Benestar, Susana López Abella, como presidenta e vicepresidenta, respectivamente, e pola secretaria xeral da Consellería de Benestar, Cristina Ordiz; a directora xeral de Dependencia, Coro Piñeiro; a secretaria xeral de Igualdade, Marta González; e o director xeral de Xuventude, Ovidio Rodeiro, en calidade de vogais.

A FUNGA é unha entidade constituída pola Xunta que ten como fin a protección xurídica e social das persoas maiores de idade incapacitadas legalmente ou en situación de desamparo, a través do exercicio da tutela e da curadoría.

Renovación no Consorcio Galego de Benestar

O Consello aprobou tamén o informe polo que se indica a renovación dos representantes da Xunta de Galicia nos órganos reitores do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e de Benestar, modificación que obedece á nova composición da estrutura da Xunta de Galicia e aos novos nomeamentos.

A Xunta estará representada na asemblea xeral do Consorcio por seis representantes que, tal e como recolle o informe aprobado hoxe, serán a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato; a secretaria xeral deste departamento, Cristina Ordiz; a secretaria de Familia, Susana López Abella; a directora de Dependencia, Coro Piñeiro; o director xeral de Xuventude, Ovidio Rodeiro Tato; e a interventora xeral da Xunta, Elena Muñoz Fonteriz.

O GOBERNO GALEGO PON EN MARCHA UN PAQUETE DE MEDIDAS A CURTO E MEDIO PRAZO PARA PALIAR A SITUACIÓN ECONÓMICA DOS GANDEIROS E MELLORAR A COMPETITIVIDADE DAS EXPLOTACIÓNS LEITEIRAS

- *A Xunta financiará créditos ponte para que o sector poida dispoñer de 70 millóns de euros*
- *Ademais, o Goberno galego abrirá a través do IGAPE liñas de axuda para préstamos que doten de circulante o sector leiteiro*
- *A Administración autonómica promoverá, xunto co Goberno central, un conxunto de medidas complementarias que procurarán incrementar a cota láctea dispoñible e incrementar os controis na comercialización*

O Goberno galego porá en marcha de maneira inminente un paquete de medidas a curto e medio prazo para aliviar a situación económica dos gandeiros e mellorar a viabilidade das explotacións leiteiras da Comunidade. Así se detalla no informe sobre as iniciativas de apoio ao sector lácteo que foi avaliado esta mañá polo Consello da Xunta.

A estratexia de apoio ao gandeiros galegos deseñada polo Executivo autonómico recolle, por unha banda, unha serie de medidas de apoio económico e outras complementarias a estas, ademais de promover a axilización dos pagamentos pendentes ao sector pola realización de investimentos nas explotacións e en concepto de axudas á primeira instalación de mozos, previstas no Plan de desenvolvemento rural de Galicia.

As medidas económicas van dirixidas ás explotacións leiteiras que están en proceso de reestruturación, que supoñen o 62% das galegas e acaparan o 85% da cota láctea da Comunidade e se axustan ao disposto no regulamento de *minimis*.

En primeiro lugar, a Xunta de Galicia financiará créditos ponte para que o sector poida dispoñer de 70 millóns de euros.

Ademais, o Goberno galego creará unha liña de axudas, en réxime competitivo, aos gastos financeiros de préstamos, pólizas e outros instrumentos que lle permitan ao sector gandeiro dotarse de circulante.

Paralelamente, a Xunta de Galicia activará un conxunto de medidas de maneira coordinada coa Administración central, destinadas a incrementar a cota láctea das explotacións galegas e incrementar os controis sobre a comercialización.

Neste contexto, o Goberno galego propón a distribución urxente, por parte do Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño de toda a cota láctea existente na reserva nacional, para que as explotacións que así o desexen poidan acadar a

dimensión de viabilidade. Para conseguir este obxectivo, o Goberno galego suxire a axilización do proxecto de asignación gratuita de cota para determinadas explotacións e a cesión do dereito de uso da cota existente na reserva nacional.

Entre as medidas promovidas pola Xunta de Galicia está a apertura das transferencias do cota sen explotación, co obxectivo de que a falta de mobilidade da cota non sexa un freo ao desenvolvemento das explotacións para acadar a viabilidade. Reclámase ademais prioridade absoluta entre os servizos competentes da Consellería do Medio Rural e as entidades de asesoramento de explotacións no tocante á divulgación de técnicas de redución de custos nas explotacións leiteiras.

Ademais, o Goberno galego dispónse a formular unha consulta ao Tribunal de Defensa da Competencia, en primeira instancia no ámbito autonómico, co obxectivo de coñecer as posibles actuacións que se poden emprender en relación coas regras do mercado interior comunitario.

Intensificar os controis sobre o terreo na comercialización

A Consellería do Medio Rural fai fincapé na necesidade de intensificar os controis sobre o terreo nos circuítos de comercialización do leite e dos produtos lácteos para reforzar a rastrexabilidade e evitar a competencia desleal no mercado. Nese sentido, a Xunta avanza que a programación dos controis habituais se intensificará este ano notablemente, no marco dunha campaña extraordinaria sobre o leite de consumo, na que participarán a meirande parte das autonomías con intereses no sector.

A propia Xunta, a través dos seus servizos competente en materia sanitaria, de consumo e de defensa contra fraudes, aumentará as actuacións de inspección na venda de leite, coa fin de evitar as irregularidades na calidade e nas condicións de comercialización nas grandes áreas de distribución do leite en Galicia.

O fomento da implantación do contrato homologado de compravenda de leite e o impulso da instalación en Galicia da sede da INLAC (Interprofesional Láctea), como comunidade con maior peso na produción láctea en España, son outras das iniciativas promovidas polo Goberno galego.

A XUNTA ACORDA INVESTIR OS 9,5 MILLÓNS PREVISTOS PARA A CONSTRUCCIÓN DA NOVA SEDE DE PORTOS DE GALICIA EN OBRAS DE MELLORA DAS INSTALACIÓNS PORTUARIAS

- *Con este acordo, Portos de Galicia dedica os seus recursos a satisfacer as necesidades das confrarías, clubs náuticos, concesionarios e operadores portuarios da Comunidade*
- *O novo edificio ía estar situado no barrio compostelán de Conxo e incluía nove andares de 400 metros cadrados cada un, ademais de tres sotos*

O Consello da Xunta acordou paralizar a redacción do proxecto de construción do edificio que aloxaría as instalacións do ente público Portos de Galicia e destinar o orzamento de 9,5 millóns de euros existente a un Plan plurianual de obras menores nas instalacións portuarias da Comunidade Autónoma.

O novo edificio do ente público Portos de Galicia ía estar situado no barrio compostelán de Conxo e, segundo prevé o proxecto, disporía de 9 andares de 400 metros cadrados cada un e tres sotos. Neste momento, o proxecto construtivo atópase en fase de redacción.

Desta maneira o importe orzamentario de 9,5 millóns de euros previstos podería destinarse a un Plan plurianual 2009-2011, para levar a cabo obras menores nas instalacións portuarias, en función das necesidades que expuxesen confrarías, clubs náuticos, concesionarios e operadores portuarios.

Con este acordo Portos de Galicia dedicaría os seus recursos a satisfacer as necesidades dos seus clientes e usuarios, para facilitar o desenvolvemento das súas actividades e xerar novas concesións ou autorizacións no dominio público.